

* * BASES CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2023

1- É obxecto deste concurso estimular a participación, desde os colexios, d@s nen@s no Nadal.

2- Poderán participar tod@s @s escolares do municipio das seguintes etapas evolutivas:

- Educación Infantil: (4º, 5º e 6º).
- Educación Primaria: (1º, 2º, 3º 4º, 5º e 6º).

3- Os traballos entregaranse nas oficinas de rexistro do Concello da forma que segue:

- Na parte posterior da obra, achegarase o **nome e apelidos do/da autor/a, curso** escolar e centro ao que pertence.
- O formato será libre, sempre e cando estea contido dentro do **formato A4**.
- No caso de Educación Primaria, non se valorarán os traballos dunha clase cun mesmo modelo de postal para todo o alumnado. Debe ser unha postal diferenciada para cada alumn@, xa que o premio é individual.
- Todos aqueles traballos que non respecten estes requisitos serán descualificados.

4- O prazo de presentación remata o **mércoles 13 de decembro** de 2023. A cualificación farase o venres **15 de decembro ás 11:00 horas** na Biblioteca Municipal da Laracha.

5- Premios

- **CATEGORÍA A:** Educación INFANTIL, 1 premio por nivel (4º,5º e 6º).
- **CATEGORÍA B:** 1º e 2º de PRIMARIA, 3 premios.
- **CATEGORÍA C:** 3º e 4º de PRIMARIA, 3 premios.
- **CATEGORÍA D:** 5º e 6º de PRIMARIA, 3 premios.

Os premios de Infantil serán de carácter colectivo (por aula).

Os premios de primaria serán de carácter individual.

Os premios consistirán en xogos e/ou material educativo e/ou libros de lectura. adaptado ás idades d@s galardoad@s.

6- O xurado será nomeado polo departamento de Cultura, e un/unha representante de cada un dos CEIP do municipio: Ramón Otero Pedrayo, Alfredo Brañas e Caión.

7- A listaxe de premiados publicarase na web www.alaracha.gal e no Facebook do Concello. Ademais , o Concello da Laracha comunicará aos/ás galardoad@s a decisión do xurado.

@s gañadores/as deberán recoller o seu premio o venres **22 de decembro ás 19:30 h** na Casa da Cultura da Laracha.

8- A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.



CONCELLO
DA LARACHA